

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Proceso estabilización - Persoal laboral fixo - Oficial/a Protección civil

EXPEDIENTE: 2025/E005/000053

Considerando a Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as Bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización de seis (6) prazas de oficial/a de Protección civil, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Vista a proposta do tribunal cualificador do devandito proceso selectivo, de data 20 de decembro de 2024, e a dilixencia do seu secretario do 19 de marzo de 2025.

Vista a Resolución da Alcaldía número 376/2025, corrixida pola Resolución número 377/2025, de data 26 de marzo de 2025, en virtude da cal se lles requiriu, ás persoas propostas polo tribunal para a súa contratación, a presentación da documentación esixida nas Bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Arturo Franco Carrillo (nº rexistro 1202, de 31/03/2025); Lorenzo Vázquez Rodríguez (nº rexistro 1204, de 31/03/2025); Francisco Mateo Rial (nº rexistro 1205 de 31/03/2025); Pedro Gil García (nº rexistro 1216, de 01/04/2025); Daniel García Santos (nº rexistro 1233, de 02/04/2025).

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Contratar como persoal laboral fixo ás persoas que de seguido se relacionan, para a provisión de cinco (5) prazas de oficial/a de Protección civil, persoal laboral fixo, grupo C, subgrupo C2, con data de efectos do día 1 de xuño de 2025

Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE
1	MATEO RIAL	FRANCISCO	***2289**
2	FRANCO CARRILLO	ARTURO	***8955**
3	GIL GARCÍA	PEDRO	***2763**
4	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	LORENZO	***1792**
5	GARCÍA SANTOS	DANIEL	***5546**

Segundo.- Notificar a presente resolución aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar traslado ao concelleiro responsable do Servizo Municipal de Emerxencias así como como aos Departamentos de Intervención e Recursos Humanos.

Terceiro.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal>, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz